



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Conservatorio Profesional de Música

Praza do Conservatorio, s/n 15011 A CORUÑA
Telf. 981 276 800 - Fax 981 276 767
cmus.profesional.coruna@edu.xunta.es
centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalcorunha



**PROGRAMA OFICIAL DA MATERIA DE
INICIACIÓN AO JAZZ
CURSO 2014-2015**

ÍNDICE

1. <u>INTRODUCCIÓN</u>	4
2. <u>LEXISLACIÓN</u>	4
3. <u>OBXECTIVOS</u>	4
4. <u>CONTIDOS</u>	5
5. <u>METODOLOXÍA</u>	5
6. <u>RECURSOS DIDÁCTICOS</u>	6
7. <u>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</u>	7
8. <u>PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN</u>	8
9. <u>ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS</u>	8
10. <u>ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO</u>	10
11. <u>PROCEDEMENTOS PARA QUE O DEPARTAMENTO COORDINE, VALORE, REVISE O DESENVOLVEMENTO E O RESULTADO DA SÚA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA</u>	11
12. <u>PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A VALORACIÓN INTERNA NO DEPARTAMENTO</u>	11

1. INTRODUCCIÓN

A formación integral do músico require unha gran variedade de enfoques estilísticos, estéticos e artísticos que amplíen o seu horizonte profesional. Ao longo do século XX, o jazz preséntase como unha manifestación musical e cultural de carácter universal en permanente estado evolutivo e con características propias en canto a estilos, procedementos harmónicos ou formacións instrumentais, converténdose nun campo de grande interese para o desenvolvemento da creatividade e da expresión musicais nas diferentes especialidades instrumentais, e especialmente para aquel alumnado coa perspectiva de acceder á especialidade de jazz no grao superior. Esta materia terá un carácter principalmente práctico, de asimilación no instrumento de coñecementos teóricos previos, incluíndo aspectos harmónicos, rítmicos, melódicos ou formais, sen esquecer os recursos interpretativos característicos propios do jazz en canto á articulación, fraseo, sonoridade ou técnicas instrumentais, así como a práctica da lectura á vista e o desenvolvemento da memoria sobre temas de repertorio jazzístico.

2. LEXISLACIÓN

- Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación.
- Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.
- Orde do 23 de setembro de 2008 pola que se determinan as materias optativas das ensinanzas profesionais de música establecidas polo Decreto 203/2007, do 27 de setembro.

3. OBXECTIVOS

1. Coñecer os fundamentos jazzísticos da harmonía tonal e modal e aplicarlos na práctica instrumental.
2. Coñecer e aplicar de xeito práctico os fundamentos da rítmica do jazz.
3. Coñecer e practicar as formas básicas do jazz.
4. Improvisar melódica, rítmica e harmonicamente.
5. Improvisar mediante o *comping*.
6. Interpretar e improvisar de memoria temas do repertorio de jazz.

4. CONTIDOS

1. Coñecemento dos cifrados, tríadas e cuatríadas.
2. Os modos na tonalidade maior. Escalas.
3. Tonalidades prácticas.
4. Escalas pentatónicas maiores e as súas inversións.
5. Escala pentatónica \flat III.
6. Relación escala-acorde, análise e práctica.
7. Escala mixolidia con notas *blues*.
8. Funcións tonais.
9. Cadencias combinadas básicas II-V-I.
10. Cadencias modais básicas.
11. Harmonía modal mixta. Paralelismo maior e menor.
12. Corcheas *swing*. Articulación e acentuación da parte débil do compás e da fracción débil da parte do compás.
13. Fraseo e articulación: combinación silencio-interpretación no fraseo.
14. Inicio e resolución da frase: *a tempo*, anticipada e retardada.
15. Desenvolvemento melódico: tensión e repouso, e elementos que os producen. Tensión, clímax e resolución.
16. O *blues*: estrutura e tipos.
17. As estruturas de 12, 16, 24, 32 compases.
18. Práctica da lectura á vista.
19. Interpretación e improvisación de temas de repertorio jazzístico.

5. METODOLOXÍA

A clase terá unha duración de sesenta minutos e fomentarse o desenvolvemento teórico e práctico dos contidos en traballo de grupo.

As actividades didácticas que se levarán a cabo nas clases son as seguintes:

- a) Traballo de temas de repertorio jazzístico que permitan o desenvolvemento dos obxectivos e contidos propios do curso.

- b) Contextualización dos temas a través do análise e compilación de datos para o desenvolvemento da improvisación que levarán a cabo os alumnos sobre os compositores e intérpretes dos diferentes estilos do Jazz.
- c) Traballo da lectura a primeira vista.
- d) Audicións que permitan a mellora da capacidade crítica dos estudantes e que favorezan a estimulación da práctica na casa.
- e) Traballo do repertorio jazzístico en combos, ensembles ou big-band.

6. RECURSOS DIDÁCTICOS

How to improvise	Hal Crook	Ed. Advance Music
Manual del músico de Jazz	Roberto Somoza	Ed. Dos Acordes
Ready, Aim, Improvise!		
Exploring the basics of jazz improvisation	Hal Crook	Ed. Advance Music
Improvisation series	R. Ricker	Ed. Advance Music
Jamey Aebersold series	J. Aebersold	Ed. Jamey Aebersold
Teoría musical y armonía moderna V. I y II	Enric Herrera	Ed. Antoni Bosch
The New Real Book 1		Ed. Sher Music Co.
The New Real Book 2		Ed. Sher Music Co.
The New Real Book 3		Ed. Sher Music Co.
The Latin Real Book		Ed. Sher Music Co.
Real Jazz Book		Ed. Hal Leonard
Jazz Fake Book		Ed. Hal Leonard
Charlie Parker Omnibook		Atlantic Music Corp.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

a) Criterios de avaliación xerais do curso :

1. Realizar progresións harmónicas tonais, analizando os cifrados e desenvolvendo as tríadas e cuatríadas utilizando os recursos de fraseo e articulación propios do jazz.
2. Realizar progresións harmónicas modais, aplicando as escalas respectivas e as notas que se deben evitar, utilizando os recursos de fraseo e articulación propios do jazz.
3. Desenvolver escalas pentatónicas sobre diferentes progresións, tonais e modais, coas súas respectivas inversións.
4. Realizar exercicios sobre estruturas de *blues* clásicas, utilizando a escala pentatónica \flat III e a escala mixolidia.
5. Desenvolver cadencias combinadas II-V-I e cadencias modais básicas sobre diferentes estruturas de 12, 16, 24 e 32 compases aplicando diferentes inicios e resolucións da frase: *a tempo*, anticipada ou retardada.
6. Desenvolver frases sobre estruturas combinando silencio-interpretación a través da utilización de elementos de tensión e repouso e creando momentos de clímax e resolución nelas.
7. Realizar exercicios de lectura á vista coidando a articulación, o fraseo, as dinámicas e o desenvolvemento rítmico.
8. Improvisar de memoria sobre estruturas diversas e temas sinxelos de repertorio jazzístico.
9. Realizar interpretacións e improvisacións melódicas, rítmicas e harmónicas sobre temas de repertorio jazzístico aplicando todos os elementos estudados de forma gradual.

8. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

1º Avaliación inicial: a súa utilidade é identificar os coñecementos previos e aptitudes do alumno.

2º A avaliación continua: consiste nun seguimento persoal do alumno na aula. O alumno recibirá un boletín de notas con calificacións trimestrais.

O profesor debe fomentar a independencia e autocrítica do alumno sobre o seu traballo e resultados obtidos co mesmo, por esta razón sexan estas ou outras actividades, considérase importante o desenvolvemento deste apartado da avaliación.

8.1 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

a. Recuperación trimestral. Realízase un exame teórico e práctico ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.

b. Recuperación final. Se realizará un exame teórico e práctico xuño cos criterios de avaliación da materia.

8.2 PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

En setembro o alumno realizará un exame teórico e práctico no que deberá mostrar que ten superados os obxectivos e contidos da materia.

9. ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS

A atención á diversidade constitúe un reto necesario de resposta de educación de calidade de todo centro escolar. No conservatorio se recoñece a heteroxeneidade como algo positivo e enriquecedor no marco da calidade total. O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convirtan en desigualdades e desventaxas entre o alumnado. A realidade educativa actual é complexa, variable e acolle, a un alumnado igualmente diverso. O principio de "Atención á diversidade" enténdese dende os seguintes plantexamentos:

1.- As diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe constitúen un aspecto da condición humana. A diversidade é, polo tanto, unha característica de todos os alumnos e non só duns poucos.

2.- Todos os alumnos necesitan axudas psicopedagógicas ao longo da súa escolarización, ben sexan de tipo personal ou técnico ou material, co obxecto de conseguir os fins da Educación. Polo tanto, o factor que marca as diferenzas fai referencia ao tipo e grao de axudas precisas.

3.- As necesidades educativas dos alumnos se presentan sempre asociadas ás condicións persoais e particulares froito dunha interacción entre o individuo e seu entorno físico-social-cultural.

Asi mesmo, as persoas que destacan ou sobresaen pola súa excepcionalidade intelectual podémolas englobar co termo "Altas Capacidades" pois é a característica máis xenérica do grupo. Estas persoas forman un grupo moi heteroxéneo. Podemos dicir que cada unha delas, en realidade coma todas, será un "caso único". As concepcións sobre a sobredotación e talento foron modificándose en función dos diferentes modelos de intelixencia. Estes modelos podemos clasificalos en modelos baseados en capacidades, modelos baseados no rendimento, modelos cognitivos e modelos socioculturais.

A atención á diversidade leva implícita unha serie de medidas que son ofertadas dentro dunha estratexia común con diferentes opcións:

a) O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, ós agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

b) Adaptacións do material didactico: as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atende-las necesidades educativas dun alumno o unha alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

c) Proponer actividades de traballo diferenciadas: O profesor fara unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmo s contidos con esixencias distintas.

- d) Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- e) Acelerar o frenar o ritmo de introduccion de novos contidos adaptandose ao alumno individualmente.

10. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS

PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO

As actividades extra-escolares son esenciais para o desenvolvemento persoal e artístico do alumnado. Desta forma, dividiremos estas actividades en dúas categorías: actividades extra-escolares relacionadas coas artes e as relacionadas co desenvolvemento persoal.

10.1 ACTIVIDADES EXTRA-ESCOLARES PARA O DESENVOLVEMENTO ARTÍSTICO

É importante que o alumno, como músico, este exposto a outras manifestacións artísticas. Por iso será importante que o alumno coñeza e se enriqueza con visitas ao museo, exposicións, representacións de obras teatrais, espectáculos de danza clásica, moderna e folclórica e todo aquilo que poida relacionar máis adiante coa música que interpretará. Como alumno do conservatorio, sería conveniente que fose a concertos de folk, jazz, música clásica e popular. O departamento fomentará o desenvolvemento artístico mediante a promoción das seguintes actividades:

- Realización de cursos.
- Organización de concertos.
- Programación de intercambios co outros conservatorios.
- Organización de concertos en colexios, museos e institucións culturais por parte do alumnado

10.2 ACTIVIDADES EXTRA-ESCOLARES PARA O DESENVOLVEMENTO PERSOAL

É moi importante que como músicos e dende unha temperá idade, comprendamos que ao tocar un instrumento desgastamos o noso corpo coma se fóssemos atletas profesionais. Por iso, debemos manter a nosa forma física sempre activa e forte.

10. PROCEDEMENTOS PARA QUE O DEPARTAMENTO COORDINE, VALORE E REVISE O DESENVOLVEMENTO E O RESULTADO DA SÚA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Ao longo do curso o departamento empregará as reunións para levar a cabo as seguintes actividades:

- Posta en común dos criterios indicados na programación
- Análise dos resultados obtidos polos alumnos
- Adaptación da programación segundo as necesidades específicas do profesor.
- Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación en función dos obxectivos fixados e os resultados acadados

11. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

Na reunión final realizarase unha posta en común das impresións da cada un dos membros do departamento valorando o grao de comunicación, coordinación e efectividade do traballo acadado durante o curso.